



Renovación do Consello Escolar 2018_10_Circular informativa

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Convocatoria do día 8 do mes de outubro, o próximo día 27, MARTES, en horario de 16:05 a 18:00 horas, celébrase no CEIP A Solaina a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do noso Centro. Para participar na referida votación procederase da seguinte forma:

1º.-Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, secreto e non delegado.

b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabético de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un máximo de 2 nomes das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade mediante a exhibición do DNI ou documento similar.

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección do Centro anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do próximo martes, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Narón, a 22 de novembro de 2018

O DIRECTOR

Asdo.: Xosé Nel Comba Paz